



Guía Docente				
Datos Identificativos				2020/21
Asignatura (*)	Lingua e Cultura Clásica	Código	613G01006	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Gonzalez Muñoz, Luis Fernando	Correo electrónico	fernando.gonzalez.munoz@udc.es	
Profesorado	Gonzalez Muñoz, Luis Fernando Santos Paz, Jose Carlos	Correo electrónico	fernando.gonzalez.munoz@udc.es j.c.santos@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Estudo da lingua latina, da literatura romana e doutros aspectos da cultura da Antigüidade, con especial atención á súa influencia sobre a civilización occidental			
Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos Non se realizarán cambios</p> <p>2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen Lecturas *Metodoloxías docentes que se modifican: Sesión maxistral: a exposición dos contidos impartirase por videoconferencia (Teams) de acordo no horario oficial. Os resumos dos temas estarán a disposición dos estudantes en Moddle. Análise de fontes documentais: os exercicios de comentario de textos terán lugar por videoconferencia (Teams) no horario oficial. En Moddle se poñerán a disposición dos estudantes modelos de comentario de textos. Proba obxectiva: se non é posíbel facer as probas obxectivas en modalidade presencial, se farán telemáticamente a través de Moddle, de forma asíncrona.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado -Correo electrónico: diario: consulta de dúbidas, avisos para a organización interna - Moddle: diario: repositorio de guions e materiais bibliográficos - Teams: plataforma para a docencia e o debate telemáticos: procurarase manter o horario oficial.</p> <p>4. Modificacións na avaliación Non hai variación no tipo de actividades / probas nin nas porcentaxes. *Observacións de avaliación: As probas obxectivas faranse de forma asíncrona por Moodle. A presencialidade requerida para a metodoloxía de Análise de fontes documentais será non física, senon telemática, a través de Teams.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía: Non hai modificacións</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título



Coñecer as técnicas de análise lingüística e literaria aplicables ao campo da Filoloxía Latina, así como a terminoloxía propia desta disciplina	A1 A23	B1	C3
Aplicar as técnicas de análise lingüística e literaria a textos literarios latinos	A2	B7	
Coñecer aspectos relevantes da cultura latina e da súa pervivencia na civilización occidental	A13	B8	
Sintetizar e valorar críticamente información especializada relativa ao campo dos estudos latinos	A11	B7	
Utilizar recursos bibliográficos, bases de datos e outras ferramentas de procura de información adquirindo capacidade de autoformación no campo de estudos da filoloxía latina.	A11	B1 B3	C3
Relacionar os contidos específicos desta materia cos de outras áreas e disciplinas, principalmente a gramática histórica e a historia das literaturas española, galega e inglesa	A14	B5	
Organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva		B6	
Apreciar a diversidade		B8	

Contidos	
Temas	Subtemas
1. O sistema verbal do latín	1.1 Descrición do sistema verbal do latín antigo 1.2 Continuidade e reorganización do sistema verbal latino nas linguas romances
2. O sistema nominal do latín: sustantivos e adxectivos	2.1 Paradigmas nominais dos sustantivos 2.2 Paradigmas nominais dos adxectivos 2.3 A perda do sistema casual latino nas linguas romances
3. Os pronomes e os determinantes en latín	3.1. Pronomes persoais e posesivos, pronome reflexivo 3.2 Pronomes demostrativos 3.2 Pronomes fóricos 3.4 Pronomes indefinidos
4. Cuestións de sintaxe 1: a oración simple	4.1 Funcións e usos dos casos 4.2 Estrutura dos sintagmas preposicionais
5. Cuestións de sintaxe 2: a oración composta	5.1. Coordinación 5.2 Principais estruturas subordinativas
6. A comunicación literaria na Roma antiga	6.1. Relacións entre a literatura romana e a grega 6.2 Funcións e usos da literatura 6.3. Retórica e poética 6.4. Imitación e arte alusiva 6.5. Autores e público
7. Xéneros literarios 1: os xéneros da poesía	7.1 poesía narrativa 7.2 elexía 7.3 lírica 7.4 epigrama 7.5 bucólica 7.6. Sátira
8. Xéneros literarios 2: os xéneros teatrais	8.1 Orixes do teatro en Roma 8.2. A comedia: palliata e togata 8.3. A traxedia; cothurnata e praetexta 8.4. A fabula atellana e o mimo
9. Periodización da literatura romana	9.1. Etapa antiga 9.2 Etapa tardorrepública e augústea 9.3. Etapa imperial 9.4. Antigüidade tardía



10. Transmisión e recepción dos textos	10.1. Transmisión manuscrita: volumes, códices, epigrafía 10.2. Transmisión impresa 10.3. Marcos da recepción literaria: lecturas públicas, espectáculos, escola, bibliotecas etc 10.4. Procesos de transferencia da literatura a outras artes
--	---

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A13 A14 B3	22	22	44
Lecturas	A13 B8	0	20	20
Análise de fontes documentais	A1 A2 A11 B5 B7 C3	22	44	66
Proba obxectiva	A23 B1 B6	2	16	18
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición por parte do profesor de contidos relativos a cada un dos temas e subtemas co apoio de documentación adicional en formato impreso ou dixital.
Lecturas	Lectura por conta do estudante dun dossier de textos de carácter literario e/ou académico que lle será proporcionado polo profesor. Estes textos serán o material sobre o que se programarán actividades prácticas avaliábeis que consistirán en recensións e/ou controis de lectura de carácter individual, presentados por escrito
Análise de fontes documentais	Exercicios de análise e de comentario lingüístico e literario a propósito dos diversos temas e subtemas do programa. Poderán ser de carácter oral, no curso das sesións de grupo intermedio e reducido, ou escrito, en forma de actividades avaliábeis de carácter individual.
Proba obxectiva	Exercicios individuais escritos de carácter teórico-práctico sobre as cuestións desenvolvidas durante o curso.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais	O estudante poderá asistir, por iniciativa propia, a tutorías individuais coa finalidade de resolver dúbidas e planificar estratexias de resolución de problemas. O profesor tamén poderá convocar aos estudantes a titorías individuais en caso de consideralo oportuno.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Lecturas	A13 B8	O estudante dará conta das lecturas obrigatorias que fosen propostas polo profesor mediante un control de lectura ou, no seu caso, recensións.	10
Análise de fontes documentais	A1 A2 A11 B5 B7 C3	Un 50% da calificación final resultará de tres actividades de análise e comentario de textos propostas as estudantes, que serán presentadas por escrito conforme aos prazos e condicións acordados entre o profesor e os estudantes. Estas tres actividades serán as seguintes: - exercicio de comentario morfolóxico: 10% - exercicio de análise morfosintáctico e tradución: 20% - exercicio de comentario literario: 20%	50



Proba obxectiva	A23 B1 B6	Efectuaranse dúas probas escritas individuais de carácter teórico-práctico, unha ao final do primeiro bimestre (sobre cuestións de lingua) e outra na data de maio estipulada no calendario oficial de exames da Facultade de Filoloxía (sobre cuestións de literatura). Cada unha suporá o 20% da cualificación global. Na oportunidade de xullo haberá unha única proba sobre cuestións de lingua, de literatura e control de lecturas, que suporá o 50% da cualificación global. Porén, os estudantes que superasen na oportunidade de maio algunha das probas terán que examinarse so daquela que teñan suspensa.	40
-----------------	-----------	---	----

Observacións avaliación

As actividades presentadas por escrito, incluídas as probas finais, deben cumprir cos oportunos estándares de corrección lingüística, estar redactadas de maneira clara e carecer de faltas de ortografía. O non cumprimento destas condicións será tido en conta negativamente na puntuación da proba respectiva.

A cualificación mínima para aprobar a materia, resultado da suma das puntuacións acadadas polas distintas actividades de avaliación programadas, será de 5.

Os estudantes que non aprobasen a materia na oportunidade de xunio poderán repetir en xullo aquelas actividades ou probas pendentes/suspensas, coas mesmas condicións e porcentaxes. De non realizar as probas obxectivas previstas o estudante será cualificado como Non Presentado. A avaliación da convocatoria extraordinaria de decembro consistirá nunha única proba obxectiva de carácter teórico-práctico sobre contidos de lingua e de literatura.

Fontes de información

Bibliografía básica

- Lisardo Rubio (1995). Nueva sintaxis latina simplificada. Madrid. Ediciones clásicas
 - Georges Hacquard (2008). Guía de la Roma antigua. Madrid, Palas Atenea
 - Tomás González Rolán e Lisardo Rubio (1985). Nueva gramática latina. Madrid, Coloquio
 - José Molina Yébenes (1993). Iniciación a la fonética, fonología y morfología latinas. Barcelona, Univ. de Barcelona
 - Paul. M. LLoyd (1987). Del latín al español. Fonología y morfología históricas de la lengua española. Madrid, Gredos
 - Carmen Codoñer (1997). Historia de la literatura latina. Madrid, Cátedra
 - Leighton D. Reynolds - Nigel G. Wilson (1986). Copistas y filólogos. Las vías de transmisión de las literaturas griega y latina. Madrid, Gredos
 - Wilfried Stroh (2013). El latín ha muerto, ¡viva el latín! Breve historia de una gran lengua. Barcelona
 - Irene Vallejo (2020). El Infinito en un junco : la invención de los libros en el mundo antiguo. Madrid, Siruela
- The Classics Page <http://www.thelatinlibrary.com/classics.html> Bibliotheca Augustana <https://www.hs-augsburg.de/~harsch/augustana.html> Recursos para I The Classics Pagea literatura clásica (USAL) http://clasicas.usal.es/portal_recursos/index.php?option=com_content&view=category&id=12&Itemid=16 Interclassica (Univ. de Murcia) <http://interclassica.um.es/> Analecta Malacitana (Univ. Málaga) <http://www.anmal.uma.es/anmal/recursos0.htm> Ludus litterarius [http://www.luduslitterarius.net/Resumos de gramática latina](http://www.luduslitterarius.net/Resumos_de_gramatica_latina) <http://www.aplicaciones.info/latin/lagrama.htm> Ejercicios de gramática latina <http://www.aplicaciones.info/latin/latin.htm>

Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario



Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías